

# **REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

Día: 17.01.2020      Hora: 10:30

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 17 de xaneiro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

## **Punto 1. Preguntas**

- 1.1 46655 (10/POC-007428)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre os datos referidos á semente de moluscos bivalvos que se está a importar con destino aos bancos marisqueiros de Galicia, a existencia de demanda do sector marisqueiro para a súa produción e as previsións da Consellería do Mar ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 437, do 27.02.2019*
- 1.2 59238 (10/POC-009253)  
Grupo Parlamentario Mixto  
Casal Vidal, Francisco e 3 máis  
Sobre as razóns da situación de inoperatividade na que estivo durante unha semana o helicóptero do Servizo de Gardacostas Pesca 2, con base en Celeiro, avariado o 24 de outubro, así como sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto disto e as súas razóns para non obrigar á empresa concesionaria a substituír as aeronaves segundo as condicións do contrato  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019*

## **Punto 2. Propositions non de lei**

- 2.1 40811 (10/PNC-003309)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia  
Sobre a transferencia por parte do Goberno galego da titularidade do edificio da lonxa vella de Camariñas ao Concello  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018*
- 2.2 50337 (10/PNC-004075)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan de acción do marisqueo Galicia 2030



*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 483, do 05.06.2019*

- 2.3 55006 (10/PNC-004357)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis  
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas posibles consecuencias, para o sector marítimo-pesqueiro de Galicia, da eventual saída do Reino Unido da Unión Europea  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 528, do 11.09.2019*
- 2.4 58213 (10/PNC-004651)  
Grupo Parlamentario Mixto  
Casal Vidal, Francisco e 3 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a formación e protexer a saúde das mulleres redeiras, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co recoñecemento do coeficiente redutor da idade de xubilación a este colectivo e a súa homologación coas mulleres mariscadoras  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 557, do 06.11.2019*
- 2.5 58385 (10/PNC-004660)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa proposta da Comisión Europea para a fixación dos totais admisibles de capturas (TAC) e cotas para o ano 2020  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 557, do 06.11.2019*
- 2.6 59462 (10/PNC-004748)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Fernández Prado, Martín e 5 máis  
Sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central da modificación do Real decreto de ordenación pesqueira co fin de posibilitar o rexistro e uso, como auxiliares da 4ª lista, dos buques destinados ao marisqueo ou á extracción de recursos específicos como o percebe, as algas e os ourizos, así como flexibilizar as baixas por caladoiro e modalidade para a entrada da nova capacidade  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 572, do 04.12.2019*
- 2.7 60114 (10/PNC-004806)



Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda  
Jove González, Xan Xosé e Quinteiro Araújo, Paula  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a dotación  
dun dique de abrigo ao porto de Meloxo, no concello do Grove  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 581, do 23.12.2019*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2020

Marta Rodríguez Arias  
Presidenta da Comisión

Marta  
Rodríguez  
Arias

Firmado digitalmente por Marta  
Rodríguez Arias  
Nombre de reconocimiento  
(DN): cn=Marta Rodríguez Arias,  
email=marta.rodriguez.arias@p  
arlamentodegalicia.gal  
Fecha: 2020.01.13 14:22:53  
+01'00'





Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Arias na data 13/01/2020 14:22:53



# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretaria

Paula Quinteiro Araújo

GCE

## **Vogais**

Francisco Casal Vidal

M

Teresa Egerique Mosquera

P

Martín Fernández Prado

P

María Ángeles García Míguez

P

Encarnación Liñeiro Pouso

S

Patricia Otero Rodríguez

S

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 17.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 17.01.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 46655(10/POC-007428)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre os datos referidos á semente de moluscos bivalvos que se está a importar con destino aos bancos marisqueiros de Galicia, a existencia de demanda do sector marisqueiro para a súa produción e as previsións da Consellería do Mar ao respecto

*Publicación da iniciativa, 437, 27.02.2019*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/02/2019 17:39:10  
**Nº Rexistro: 46655**  
Data envío: 21/02/2019 17:39:10.182

### Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á adopción de medidas para acadar a autosuficiencia de Galiza en materia de produción e subministro de semente de moluscos bivalvos para o impulso de actividade marisqueira.

Galiza é unha potencia na produción de marisco, atendendo ao volume de capturas, a súa extraordinaria calidade e, fundamentalmente á importancia económica, social e de emprego que esta actividade representa na nosa nación. Precisamente por estas razóns resulta difícil entender a absurda situación de dependencia do subministro de semente de moluscos bivalvos en grande parte dos bancos marisqueiros galegos.

O BNG considera prioritario rematar coa dependencia que mantén Galiza a respecto da semente producida fora que, á marxe das distorsións do mercado ou do problema que representa a introdución de especies alóctonas, certifica a existencia dun outro problema, neste caso estrutural, que impide o desenvolvemento pleno do sector marisqueiro galego.

A recuperación do noso marisco, como inequivocamente galego, recoñecendo e garantindo a súa orixe, a marca de calidade e prestixio que a procedencia galega outorga, debe ser obxectivo da Consellaría do Mar.

CSM:686SOX7L8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/02/2019 17:39:10**  
**Nº Registro: 46655**  
Data envío: 21/02/2019 17:39:10.182

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 8ª:

-Que cantidade anual de semente se importa, como media, con destino aos bancos marisqueiros galegos?

-A que especies corresponden e cal é o país de procedencia?

-Existe demanda desde o sector marisqueiro para a produción de semente?

-Ten previsto a Consellaría do Mar instalar criadeiras de semente de moluscos bivalvos no litoral galego?

-Cantos criadeiras existen no litoral galego?

-Onde están situados?

-Cantos funcionan?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: 5486C0X7L8  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/02/2019 17:39:10**  
**Nº Registro: 46655**  
Data envío: 21/02/2019 17:39:10.182

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2019 17:33:14**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2019 17:33:24**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2019 17:33:26**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2019 17:33:28**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2019 17:33:29**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2019 17:33:31**

CSV: 5489C0X7L8  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 17.01.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 59238(10/POC-009253)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre as razóns da situación de inoperatividade na que estivo durante unha semana o helicóptero do Servizo de Gardacostas Pesca 2, con base en Celeiro, avariado o 24 de outubro, así como sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto disto e as súas razóns para non obrigar á empresa concesionaria a substituír as aeronaves segundo as condicións do contrato

*Publicación da iniciativa, 569, 27.11.2019*



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Francisco Casal Vidal, Davide Rodríguez Estévez, Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8ª**.

O helicóptero do servizo de gardacostas Pesca 2, con base en Celeiro, Viveiro e dependente do Servizo de Gardacostas da Consellería do Mar da Xunta de Galicia avariouse o 24 de outubro, estando unha semana fora de servizo nunha época de previsións marítimas moi desfavorables.

Este helicóptero ten como funcións o de servizo de gardacostas, inspección pesqueira, busca e salvamento na Mariña de Lugo e parte da costa da Coruña. Que estea inoperativo, supón para a Federación Galega de Alimentación, Mar, Transporte e Telecomunicacións (FGAMT) un gravísimo problema de seguridade no mar.

No caso de emerxencia, a costa e o interior de Galicia estarían sen un recurso vital para facerlle fronte. O servizo de gardacostas atópase regulado no decreto 136/2017, de 17 de novembro, de ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia. Como funcións están a función inspectora do control de establecementos e actividades dos recursos mariños e que lle afecten, así como toda a normativa en materia de seguridade marítima na explotación dos recursos; unha función preventiva con actuacións dirixidas á preservación do medio mariño e dos recursos así como unha función paliativa nas actuacións de salvamento e loita contra a contaminación do mar, para auxilio das persoas, bens e medio mariño e asegurar a conservación do medio das competencias de Galicia.





Todas estas funcións deberían facer imposible a privatización dun servizo que é básico, e sobre todas elas o da seguranza das persoas.

A Xunta vendeu os helicópteros Pesca 1, con base en Vigo e Pesca 2, con base en Viveiro á empresa concesionaria do servizo Babcock MCS España, ao quedar obsoletos, sen embargo a empresa segue usándoos para o servizo de salvamento cun custo totalmente desproporcionado.

É necesario que a Xunta de Galicia teña todos os medios necesarios dispoñibles para os casos de emerxencia, e máis no mar, cando as vidas das persoas perigan por non estar no seu medio natural.

Non é de recibo que con temporal a vista 1 dos helicópteros dos que dispuña a Xunta, e polos que paga un arrendamento, non estea operativo cando fai falta.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª

- 1.- Que lle parece a Xunta que o Pesca 2 non estivera operativo durante unha semana? A que se debe que non estivera operativo?
- 2.- Que vai facer a Xunta se con temporal o Pesca 2 volve a estar inactivo e o Pesca 1 xa está atendendo outra emerxencia?
3. - A que se debe que a Xunta non obrigue á empresa Babcock MCS a substituír os helicópteros, tal e como marca o contrato?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Vero

Luís Villares Naveira

Deputados e deputada do G.P. Mixto





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/11/2019 17:19:27**  
**Nº Rexistro: 59238**  
Data envío: 21/11/2019 17:19:27.558

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 21/11/2019 17:18:32**

**David Rodríguez Estévez na data 21/11/2019 17:18:42**

**Paula Vázquez Verao na data 21/11/2019 17:18:51**

**Luis Villares Naveira na data 21/11/2019 17:19:02**

CSX, REGISTRO XERAL ENTRADA  
Verificación  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 17.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2.       Proposicións non de lei



**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 17.01.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1 40811(10/PNC-003309)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a transferencia por parte do Goberno galego da titularidade do edificio da lonxa vella de Camariñas ao Concello

*Publicación da iniciativa, 394, 05.12.2018*



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

O edificio da lonxa vella de Camariñas que actualmente está baleiro e tapiado, localízase nun dos peiraos do porto da vila. Actualmente mantén a titularidade de Portos de Galicia, a pesar que desde o Goberno local xa se ten solicitado a súa transferencia. Esta solicitude obedece en parte ao seguinte: o edificio xa non ten uso portuario, está integrado na vila e ademais é o Concello o que asume o seu mantemento e limpeza. É necesario dotar o edificio de vida e recuperalo para que teña unha utilidade práctica en beneficio da veciñanza de vila.

O concello xa ten solicitado a transferencia da titularidade pero, a día de hoxe, non ten resposta por parte do Goberno, o cal fai preciso coñecer cales son as súas previsións con relación a esta cuestión. Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a transferir a titularidade do edificio da lonxa vella de Camariñas ao Concello, tal e como ten solicitado.

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 23/11/2018 16:08:17**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/11/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 40811**  
Data envío: 23/11/2018 16:16:45.210

**Patricia Otero Rodríguez na data 23/11/2018 16:08:30**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/11/2018 16:08:41**

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 17.01.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2 50337(10/PNC-004075)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan de acción do marisqueo Galicia 2030

*Publicación da iniciativa, 483, 05.06.2019*



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista son varias xa as iniciativas rexistradas en relación á recuperación do número de permisos de marisqueo a pé en Galicia, especialmente, no que se refire aos relativos a permisos ás mulleres, xa que estes veñen sufrindo desde que Feijóo goberna na Xunta, unha redución dun terzo deles. A última foi no mes de maio deste ano, e na iniciativa solicitábase un plan específico para a recuperación dos permisos. O dito plan debería estar orientado ao sector feminino.

O PP non apoiou esta iniciativa, e presentou unha emenda na que instaba ao Goberno galego a “levar a cabo a implementación do Plan de acción do marisqueo Galicia 2030”. En relación a este plan, resulta canto menos curioso que o mesmo non se atopa en ningunha publicación da Xunta de Galicia, polo que non comprendemos como é posible que o Goberno galego presente a implementación dun plan, que a día de hoxe non semella estar elaborado. Sería conveniente coñecer, polo tanto, o seu contido, e tamén diversos aspectos, tales como os principios nos que se basea, os obxectivos concretos que se perseguen e os indicadores que se utilizarían para valorar o seu grao de consecución. Outro aspecto a considerar deberá ser a cronoloxía na implementación do dito plan, así como o número de permisos de marisqueo que se pretende recuperar cada ano, e cantos destes corresponderán a mulleres, xa que, este é o colectivo máis prexudicado nos últimos anos.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a poñer a disposición dos distintos grupos parlamentarios o Plan de acción do marisqueo Galicia 2030, ao que se referiu na emenda rexistrada co número 50167, en data 27/05/2019, e sometelo a debate na Comisión 8ª.

Pazo do Parlamento, 29 de maio de 2019





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/05/2019 17:38:24**  
**Nº Registro: 50337**  
Data envío: 29/05/2019 17:38:24.737

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 29/05/2019 17:33:38**

**Patricia Otero Rodríguez na data 29/05/2019 17:33:50**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/05/2019 17:33:59**



CSV REGISTRO/50337

Verificar

<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 17.01.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.3 55006(10/PNC-004357)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas posibles consecuencias, para o sector marítimo-pesqueiro de Galicia, da eventual saída do Reino Unido da Unión Europea

*Publicación da iniciativa, 528, 11.09.2019*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/09/2019 12:35:11  
**Nº Rexistro: 55006**  
Data envío: 04/09/2019 12:35:11.398

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

### Exposición de motivos:

A posible saída do Reino Unido da Unión Europea pode traer importantes consecuencias negativas para o sector marítimo-pesqueiro galego, toda vez que se verían comprometidos aspectos fundamentais para a súa viabilidade coma o acceso ás augas británicas e a competitividade dos produtos nos mercados, alén de poñer en risco os investimentos galegos en buques de bandeira dese país.

Neste senso, a chegada inminente da data límite para a saída e a falla de acordo sobre os termos poñen ás administracións nunha tesitura de ter que dispor de plans de contingencias para atender aquelas necesidades que, derivadas das competencias atribuídas, xurdan ao abeiro desta nova situación na que o Reino Unido pasaría a ser un Terceiro Estado.

Por este motivo, Galicia está dispoñendo unha análise do seu marco competencial e das afectacións que este puidera ter neste proceso de “brexit”, mais en termos pesqueiros boa parte das mesmas se centran nas labores de comercialización, paso sucesivo e posterior a outros nos que son as competencias europeas e estatais as encargadas de dar saída ao problema.

Así pois, as competencias estatais centran boa parte das necesidades que será preciso cubrir para facer viable a operatividade diaria da flota.

A este respecto, para que os produtos procedentes de buques británicos se puidesen comercializar en Galicia como vén sendo habitual, é preciso que pasen previamente por trámites e inspeccións aduaneiras e de control hixiénico-sanitario que dependen da

CSM-REXISTROsg7PDF-IC8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



Administración General del Estado, cuestión prevista nos portos de interese xeral pero que deberá ser atendida nos peiraos de competencia autonómica.

Sabemos que existen varios portos de competencia de Portos de Galicia onde se producen descargas e primeiras vendas de produtos do mar procedentes de buques de pavillón británico, e mesmo tres dese peiraos (Burela, Celeiro e Ribeira) teñen lonxas concesionadas a empresas conformadas por armadores e comercializadores, polo que a súa implicación na solución debe ser tida en conta.

Amais, recentemente tivemos coñecemento da celebración dunha xuntanza do Grupo de Traballo do Brexit, á que non foi convocada a Xunta de Galicia, nin foi invitada a formar parte do mesmo, a pesar de posuír competencias en materia de comercialización de produtos do mar e de dispor dos sinalados peiraos onde se producen descargas de peixe e marisco procedentes do Reino Unido.

Dada a especial preocupación da nosa frota por este tema, os deputados e deputadas deste Grupo Parlamentario asinante, presenta esta proposición para o seu debate:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar do goberno Central unha xuntanza na que:

- Se estableza a coordinación de esforzos e o intercambio de información sobre a vía de atención ás necesidades previstas ante a posible nova situación.
- Habilite e autorice aos portos de Celeiro, Burela e Ribeira para levar a cabo inspeccións en fronteira de produtos de orixe animal, ben sexa habilitando un PIF específico ou como centro asociado ao da Coruña.
- Se ditén as instrucións pertinentes para exercer o posible control dos buques de bandeira británica que atraquen nestes peiraos, a través das patrullas ou unidades do Servizo Fiscal e de Fronteiras da Garda Civil.”

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdeg Galicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/09/2019 12:35:11  
Nº Rexistro: 55006  
Data envío: 04/09/2019 12:35:11.398**

**Pedro Puy Fraga na data 04/09/2019 12:28:00**

**Teresa Egerique Mosquera na data 04/09/2019 12:28:23**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 04/09/2019 12:29:05**

**Martín Fernández Prado na data 04/09/2019 12:29:16**

**Alberto Pazos Couñago na data 04/09/2019 12:29:52**

**Marta Rodriguez Arias na data 04/09/2019 12:30:27**

**María Soraya Salorio Porral na data 04/09/2019 12:30:38**

**Daniel Vega Pérez na data 04/09/2019 12:30:45**



CSV, REXISTROZG7PQFJC8

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 17.01.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.4 58213(10/PNC-004651)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a formación e protexer a saúde das mulleres redeiras, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co recoñecemento do coeficiente redutor da idade de xubilación a este colectivo e a súa homologación coas mulleres mariscadoras

*Publicación da iniciativa, 557, 06.11.2019*



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa dos seus deputados **Francisco Casal Vidal, Luís Villares Naveira e Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Federación de Redeiras O Peirao constituída por 7 asociacións de redeiras situadas en Cariño, Cedeira, Malpica, Corme, Cambados, Cangas e Baixo Miño, e que suman 110 mulleres redeiras asociadas e federadas iniciaron hai anos un camiño de recoñecemento e asociativo para poder levar a cabo uns obxectivos. Entre eles destacan a regulación a nivel estatal a profesión de confección e mantemento de redes e aparellos de pesca, a loita contra o intrusismo laboral, a visibilización so deo traballo, a mellora das condicións laborais, a garantía do relevo xeracional, a mellora das estruturas portuarias, a busca de alternativas de emprego para as redeiras, a prevención dos riscos laborais e o recoñecemento das continxencias profesionais derivadas do traballo de redeiras e a eliminación da fenda salarial existente entre os distintos subsectores dedicados á confección e conservación de redes e aparellos de pesca.

Na consecución do obxectivo de recoñecemento das continxencias profesionais, a Federación de Redeiras O Peirao solicitoulle á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social o inicio dos trámites para o recoñecemento dos coeficientes redutores.

A Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social negouse a comezar o procedemento para as redeiras, debido a que non aprecian incremento de





morbilidade nin de mortalidade para o colectivo pese a que si se contemplan para a versión masculina destes oficios.

Isto supón un descoñecemento absoluto da dureza que soportan estas mulleres tecedoras e reparadoras das redes a man, que soportan quilos de peso, xa que cando as redes se reparan conteñen o peso duplicado ou triplicado por estar molladas, ademais dos fungos, etc. que conteñen.

A resolución do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social contradí outros informes da UE e do Ministerio de Pesca que animan a que se introduzan estes coeficientes redutores.

Entre os riscos que padecen homes e mulleres pertencentes ao colectivo de redeiras son os sobre esforzos e enfermidades profesionais en relación coa carga física por exposición laboral a movementos repetitivos dos brazos e das mans, posturas forzadas e mantidas no tempo, manipulación, pulo e arrastre de cargas e aplicación de forzas, cortes, golpes e caídas, e as condición adversas na realización do traballo: no barco ou no peirao, humidade, correntes de aire, presión dos tempos de entrega dos pedidos, prolongación das xornadas de traballo, etc.

Os riscos na saúde son evidentes (recollidos na guía de boas prácticas das redeiras do Instituto de Saúde e Seguridade Laboral de Galicia

1. Lesións dos tendóns por fatiga, e inflamación das vañas tendinosas, tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas como son:
  - Epicondilite e epitrocleite.
  - Tendinite e tenosinovite.
  - Ganglión.
2. Neuropatías por presión: Síndrome do Túnel do Carpo.
3. Contracturas musculares.





4. Na columna vertebral: cervicalxias, dorsaxias e lumbaxias.
5. Dor nas articulacións.
6. Escordaduras articulares e lesións ligamentosas.
7. Dor nas plantas dos pés.
8. Golpes de calor, micose, frieiras, arrefriamentos, agravamento doutras enfermidades existentes.
9. Fenómeno de Raynaud.
10. Cambras e esgotamento físico.
11. Malestar de pernas e agravamento de trastornos do retorno venoso.
12. Feridas na pel e as uñas.
13. Calosidades nas mans.

A postura do corpo adoptada das redeiras tamén é un factor de moito peso na realización do traballo, estando de pé o 30% das mulleres, sentadas no 29% dos casos, e no 41% alternaban ambas. Ademais as redes quilométricas molladas que supoñen pesos, a aparición de enfermidades da pel coma o cancro de pel, a humidade continua e a insalubridade derivada dos traballos de reciclaxe xa que as redes que se recollen veñen ategadas de materiais en descomposición que provocan, entre outras doenzas, infeccións oculares e alerxias.

O ISM di que se teñen que presentar informe ou estudio que acredite a conexión entre as condicións insalubres, os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais e que se curse de novo a solicitude a través do artigo 10 do Real Decreto 1311/2007 de 5 de outubro, que establece novos criterios para determinar a pensión de xubilación do Réxime Especial da Seguridade Social das persoas Traballadoras do Mar.

As redeiras son o único subsector da pesca que non ten recoñecido o coeficiente redutor, constituíndo isto unha desigualdade de xénero con respecto aos compañeiros redeiros, que desenvolven as mesmas tarefas e que si disfrutan de sa mingua na idade de xubilación.





As redeiras sofren discriminación respecto aos seguintes colectivos de persoal mergullador, persoal estibador, persoal mariscador e persoal administrativo das confrarías.

Posteriormente, o ISM reconsiderou a súa postura inicial e comprometeuse co colectivo O Peirao a iniciar de oficio o procedemento para adiantar a idade de xubilación das redeiras, inda que a Seguridade Social lles mandara tramitar a petición a través dos sindicatos ou dunha organización de empresarios. Este proceso vai tardar mínimo 3 anos e suporá un aumento das cotizacións.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Desenvolver ciclos formativos para redeiras dentro do programa orzamentario 422K da Consellería do Mar
- 2.- Mellorar as instalacións nas que as redeiras realizan o seu traballo, para conseguir que as naves nas que realizan os traballos reúnan as condicións de salubridade comodidades mínimas.
- 3.- Dirixirse ao Goberno do Estado para realizar as modificacións no réxime especial de persoas traballadoras do mar establecendo o recoñecemento do coeficiente redutor para redeiras, así como a homologación das percebeiras e mariscadoras ao 0,15% nos termos sinalados polo Instituto Social da Mariña, para dar inicio conforme ao artigo 10 do Real Decreto 1698/2011.
- 4.- Reclamar do Goberno do Estado que este coeficiente redutor non implique incremento de cotas á Seguridade Social, sen que isto supoña unha redución da base de cotización.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/10/2019 18:14:35**  
**Nº Registro: 58213**  
Data envío: 29/10/2019 18:14:35.157

5.-Eliminar, por parte do goberno do Estado, a condición do relevo xeracional imposta para a tramitación da modificación dos coeficientes redutores.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal  
Luís Villares Naveira  
Davide Rodríguez Estévez  
Paula Vázquez Verao  
Deputados, deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 29/10/2019 18:11:20**

**David Rodríguez Estévez na data 29/10/2019 18:11:43**

**Paula Vázquez Verao na data 29/10/2019 18:12:03**

**Luis Villares Naveira na data 29/10/2019 18:12:44**





**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 17.01.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.5 58385(10/PNC-004660)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa proposta da Comisión Europea para a fixación dos totais admisibles de capturas (TAC) e cotas para o ano 2020

*Publicación da iniciativa, 557, 06.11.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 31/10/2019 17:00:01  
**Nº Rexistro: 58385**  
Data envío: 31/10/2019 17:00:01.523

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar diante da proposta de TACs e cotas por parte da Comisión Europea.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión Europea acaba de facer pública a súa proposta de totais admisíbeis de capturas (TACs) e cotas para o ano 2020, na que persiste na marxinación a Galiza en base a teóricos informes científicos. Só desde unha posición de forza dos estados máis fortes da Unión Europea e da defensa dos seus intereses económicos e comerciais se pode entender a proposta realizada.

Realizan unha proposta de recorte tanto para o Gran Sol como para augas ibéricas, a pesares de que a biomasa está en bo estado, 59 stocks están no rendemento máximo sostíbel (RMS) en augas nas que faena moita da frota galega.

Proposta de novo de rebaixa das posibilidades de pesca: 20% para a pescada ibérica e 19% para a do Gran Sol. Redución para o xurelo do 50% na

CSM-REXISTRO:WJZCP5N8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 31/10/2019 17:00:01  
Nº Rexistro: 58385  
Data envío: 31/10/2019 17:00:01.523

IXa e 41% na VIIIc. A cigala un 23% menos na IXa e só tres toneladas nas unidades funcionais 25 e 31. Rebaixa do peixe sapo dun 3%.

A decisión será adoptada no Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea no mes de decembro, polo que compre tomar unha posición activa en defensa do sector pesqueiro galego para que esta proposta non se verifique.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Demandar do Goberno español o establecemento de negociacións urxentes para a rectificación da proposta realizada pola Comisión Europea de TACs e cotas que afectan á frota galega de xeito que non se establezan máis recortes nas nosas posibilidades de pesca.

2.- Reivindicar o establecemento dunha cota especificamente galega para a captura de especies nas nosas augas, así como rematar coa marxinación na relación con outras frotas, que en augas galegas poden faenar en condicións máis favorábeis que a nosa propia frota,

3.- Reclamar a exención da pesca artesanal galega de TACs e cotas.

CSV XERXISTROUWZCPSNab  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 31/10/2019 17:00:01**  
**Nº Registro: 58385**  
Data envío: 31/10/2019 17:00:01.523

4.-Exercer dun xeito real e efectivo as competencias que ten atribuídas Galiza en materia pesqueira e en augas interiores.”

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2019 16:54:21**

**Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2019 16:54:42**

**Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2019 16:54:48**

CSV: REXISTROUWZCPSH48  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 31/10/2019 17:00:01**  
**Nº Registro: 58385**  
Data envío: 31/10/2019 17:00:01.523

**Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2019 16:54:55**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 31/10/2019 16:55:03**

**Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2019 16:55:11**

CSX4:FEYJSTFROUWZCPStuab  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 17.01.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.6 59462(10/PNC-004748)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 5 máis

Sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central da modificación do Real decreto de ordenación pesqueira co fin de posibilitar o rexistro e uso, como auxiliares da 4ª lista, dos buques destinados ao marisqueo ou á extracción de recursos específicos como o percebe, as algas e os ourizos, así como flexibilizar as baixas por caladoiro e modalidade para a entrada da nova capacidade

*Publicación da iniciativa, 572, 04.12.2019*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/11/2019 12:35:00  
**Nº Rexistro: 59462**  
Data envío: 28/11/2019 12:35:00.327

## A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

### Exposición de motivos

Desde Galicia veuse traballando, desde a colaboración entre sector marítimo-pesqueiro e Consellería do mar, nunha modificación da normativa que permitise flexibilizar tanto a regularización das embarcacións cuxos datos non coincidían cos do seu rexistro como de obter maior adecuación nas súas disposicións de potencia ou arqueo de cara a efectuar as súas tarefas marisqueiras ou pesqueiras.

É certo que se produciron certas sancións a varias embarcacións alegando exceso de cabalaxe nos seus motores, e tamén é certo que a Consellería do Mar mediou ante a Secretaría General de Pesca e coa Dirección General de Marina Mercante para intentar habilitar unha lista específica que contemplase as embarcacións que faenan a marisqueo e/ou a recursos específicos, co obxectivo de buscar unha posible solución para estes barcos que contan cunha estrita limitación de potencia.

Somos coñecedores de que os titulares de embarcacións destinadas á extracción de recursos específicos e marisqueo solicitan un aumento da potencia dos seus motores por unha cuestión de seguridade no traballo, pois resulta máis doado escapar das ondas en caso de mal tempo cando o motor posúe maior potencia. Por outra banda, o exercicio de marisqueo a flota esixe de faenar en zonas de escaso calado, o que impide que moitas veces poidan acceder cos barcos, facendo recomendable o uso de outras embarcacións de menor porte.

Podemos concluír que estamos ante unha reivindicación xusta que busca garantir o traballo destes mariscadores nunhas condicións de maior certeza, fiabilidade e operatividade.

Pola súa banda, e tras as peticións formuladas polo sector pesqueiro galego e pola Consellería do Mar, a Secretaría General de Pesca accedeu a analizar o tema, propondo unha modificación do Real Decreto de Ordenación Pesqueira en orde a

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdeg Galicia.com

CSM-REXISTROGXERAL-59462  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/11/2019 12:35:00  
Nº Registro: 59462  
Data envío: 28/11/2019 12:35:00.327**

efectuar a consideración como auxiliares de lista 4ª dos buques que se utilizan para capturas de percebe, algas, ourizos, a similitude dos buques auxiliares de coral, empregados de facto para acercar aos mariscadores alí onde se atopa o recurso.

Por tanto, este Grupo Parlamentario considera oportuno formular a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno central a modificación do Real Decreto de Ordenación Pesqueira de cara a:

1. Proceder a considerar e dar abeiro á posibilidade de poder rexistrar e empregar como auxiliares de 4ª lista os buques que se utilizan para o marisqueo ou a extracción de recursos específicos coma o percebe, algas, ourizos, a similitude dos buques auxiliares de coral, empregados de facto para achegar aos pescadores alí onde se encontra o recurso.
2. Flexibilizar as baixas por caladoiro e modalidade para a entrada de nova capacidade, buscando solucións á escaseza de baixas”.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 28/11/2019 12:25:23**

**Teresa Egerique Mosquera na data 28/11/2019 12:25:49**

**Martín Fernández Prado na data 28/11/2019 12:26:02**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 28/11/2019 12:26:30**

**Alberto Pazos Couñago na data 28/11/2019 12:26:43**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com







GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/11/2019 12:35:00  
**Nº Rexistro: 59462**  
Data envío: 28/11/2019 12:35:00.327

**Marta Rodriguez Arias na data 28/11/2019 12:26:55**

**María Soraya Salorio Porral na data 28/11/2019 12:27:12**

**Daniel Vega Pérez na data 28/11/2019 12:27:21**



CSV: FEXJSTROGXFovB8B1

Verificar

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 17.01.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.7 60114(10/PNC-004806)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Jove González, Xan Xosé e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a dotación dun dique de abrigo ao porto de Meloxo, no concello do Grove

*Publicación da iniciativa, 581, 23.12.2019*

# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/12/2019 18:29:04  
**Nº Rexistro: 60114**  
Data envío: 16/12/2019 18:29:04.195

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, por iniciativa dos seus deputados **Xan Xosé Jove González e Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto polo Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, sobre o dique de abrigo de Porto Meloxo, no Grove, para o seu debate na Comisión 8.<sup>a</sup>.

### Exposición de motivos

O Sector da miticultura en O Grove leva anos reclamando a creación dun dique de abrigo no porto pesqueiro de Porto Meloxo, esta infraestrutura serviría para dotar de maior seguridade ao porto, ademais de permitir a redistribución da frota bateira grovense entre o porto do Grove e Porto Meloxo, mellorando así a súa operatividade.

Esta infraestrutura leva anos de retraso, a finais do 2016 durante o proceso de exposición pública, a Xunta aceptou unha alegación da confraría que pretendía garantir que a obra non afectase aos bancos marisqueiros da contorna. A Xunta deixou paralizada a obra durante anos, ata que no 2018 adopta unha decisión inaceptable como é deixar esta decisión técnica en mas dun acordo entre confraría, mariscadores e sector bateiro. O Grupo Común de Esquerda entende inaceptable esta situación, por iso, en base ao acordo unánime da corporación municipal do Grove, entendemos necesario desatascala e dotar de orzamento suficiente esta obra para que, en base aos estudos técnicos necesarios se proceda a dotar a Porto Meloxo deste dique de abrigo, sen que este afecte as concesións

CSM-REXISTROCOMPLISECvz0  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)

# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/12/2019 18:29:04  
Nº Rexistro: 60114  
Data envío: 16/12/2019 18:29:04.196

marisqueiras e praias da contorna.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a iniciar, á maior brevidade posible, os traballos que permitan dotar a Porto Meloxo dun dique de abrigo. O proxecto debe elaborarse e executarse en base as determinacións técnicas que permitan que esta infraestrutura non afecte ás concesións marisqueiras da contorna.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2019.

Asdo.: Xan Xosé Jove González

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

## Asinado dixitalmente por:

**Xan Xosé Jove González na data 16/12/2019 18:27:47**

**Paula Quinteiro Araújo na data 16/12/2019 18:27:59**

**José Manuel Lago Peñas na data 16/12/2019 18:28:11**

Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

CSX, REXISTROCompHsuCvz0  
Verificado  
https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/12/2019 18:29:04**  
**Nº Rexistro: 60114**  
Data envío: 16/12/2019 18:29:04.196

CSV, REGISTRO Comp.Hsu.Cvz0  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



---

Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)